

GLORIAS E PERIGOS DA POESÍA DE BOUZA BREY

Por R. CARBALLO CALERO

Eu ben o sei. Hai mozos que non confiren a Fermín Bouza Brey categoría de poeta novo. O que non sei ben é cal sexa pra ises mozos a esencia da nova poesía. Como son tan pouco dogmático, resístome a ademetir un concepto pechado da novidade poética. A nova poesía pode ser o superrealismo. N-iste caso a poesía de Bouza Brey non será completamente nova. Pero o novo debe ser unha noción aberta, chea de posibilidades. Non compre unha novidade momificada. Novo pode ser o que é diferente do antigo. E craro está que procede escrarecer cales particularidades determinan a esencial diferenza. I-eiquí agromará unha rosa dos ventos esprituás prolongada en mil roitas diverxentes. Mais eu de craro que pouco me interesa saber se a poesía de Bouza Brey é nova ou vella. Dende logo que ninguén, denantes de íl, fixo versos que semellaran os seus. Falla averiguar se os poemas de Bouza levan o calco do noso tempo. Mais como eu teño moitas dúbidas encol da caracterización miolar do noso tempo, prefiro leixar intacto o problema a máis arriscados e ardidos investigadores.

Se ninguén en Galiza ten feito denantes do noso poeta versos precursores dos seus, non será moito que condecuremos a Bouza coa soitaria estrela da orixinalidade. E de certo merece tan fremoso galardón. A sustancia poética que traballa Bouza Brey é ben outra que a moldeada pol-os versificadores do XIX. En Cabanillas non vaiamos a buscar a lenta armonía, o mesto mel, o ar cortesán dos poemas de «Nao senlleira». Menos disparidade atopamos antre Bouza Brey e Noriega Varela. Certas calidades adxetivas da paixase poética do autor de «Do ermo» o seu amor á natureza, achéganno en certo limitado senso ao poeta pontevedrés. Semellantes consideracións suxírennos Amado Carballo e os seus discípulos e coincidentes Augusto María Casas, Euxenio Montes, Aquilino Iglesia Alvariño, Florencio Delgado Gurriarán. Mais istas semellanzas, ben leviáns e cativas, apenas proceden de outra circunstancia que a de seren todos, con Bouza, poetas *románicos*, en canto o románico é unha arte natural, campesiña, primadeiral, inxel. Mais as preferencias métricas, o sochán romántico, o simbolismo verbal alongan a Bouza de moitos dos citados poetas, e a mesma calidade formal, a crásica

mesura, dos restantes. Con Blanco Amor ten algunha coincidencia temática, parellas afeicións arqueolóxicas e certas afinidades de gusto. Nada de abondo pra que lle señalemos verdadeiros precursores nin irmáns de escola lírica.

Un craro entrocamento hai en Bouza Brey cos nosos poetas medievás. Bouza Brey recolle unha tradición interrumpida, resustando saudades, xiros, formas e intencións trovadorescas. O cal lle debemos agradecer, porque constituie un dos máis fondos encantos da súa obra. Mais o poeta que nos ocupa non é un mero arcaizante da nosa lírica. Il remoza o antigo e dalle ar e dimensión modernos.

Trátase de unha poesía fundamentalmente galega; e ista é, cicáis, a súa primeira gloria. Unha poesía verdadeiramente nacional, como a do vate de Ponteceso, anque por máis puros e artísticos camiños. Nacional pol-o espírito, pol-a tradición, pol-o tema, chea de sensualidade mol, de loura dozura, como nos simbolistas, como en Mallarmé as verbas teñen valor por sí mesmas, independentemente da oración que compoñen, pol-o seu brillo espléndido, pol-a súa transparencia luminosa, ou pol-a outeza e rango das ideas que evocan. Ocurrirádevos adoito non atopar unha lóxica estreita en certos adxetivos, mais iredes vencidos pol-a música ideal e material e gozaredes n-eles paraísos insospeitados.

Pol-as páxinas de «Nao senlleira» esbara un ronsel de señardade. Por ventura leixóuno a nao dos Cancioeiros; por ventura leixóuno a dorna do popular. Ás vegadas, o verso chouta, rexoubante e ledó, con música de escordeón.

A carón de estas indiscutibres belezas, atopamos un horizonte limitado unha elasticidade escasa, un monocordismo centrípeta e avasalador. Os poemas recollidos por Bouza Brey no seu único libro abranguen un espacio productivo que vai de 1926 a 1932. Seis anos, durante os cales ¡cántas roitas iniciáronse na lírica, cántos camiños novos! Pero Bouza Brey é sustancialmente o mesmo en «Lelfas ao teu ouvido» que en «Parranda mariñeira». Non alixeirou a súa carga retórica. Non explorou novos mares, non colleitou novos froitos. E despois de botada a súa «Nao», o seu «Agarimo», de 1933, nada engade ao seu mérito, non supón evolución nin perfeición. Cando se ten producido unha obra tan perfecta como a de Bouza, non compre nos laiar de que o poeta non se renove. Pode seguir acumiano beleza inmutable encol da beleza entregada. Despois de todo, iste é o caso de Salinas, grande poeta castelán. Máis isto quer decir que a obra esta conclusa e o futuro samente pode redondeala. Hoxe aparécenos Bouza Brey como un lírico sereo, sin inquedanzas, cultivando a súa fremosa e consecuenta fror. Aínda que o mañá pertece aos deuses, o poeta non nos anuncia sorpresas.